

SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO DIA 28 DE SETEMBRO DE 2017.-

No salón de sesións do concello de Ribadavia sendo as dez horas e dez minutos do día vinte oito de setembro de 2017, reúnese en sesión ordinaria e, en primeira convocatoria, o Concello Pleno baixo a presidencia do sr Alcalde-presidente , coa asistencia dos Sres/as concelleiros e concelleiras que a continuación se indican, actuando como secretario

Francisco Fernández Castro.

ALCALDE- PRESIDENTE
D JOSÉ IGNACIO GÓMEZ PÉREZ

CONCELLEIROS E CONCELLEIRAS
Dª MARÍA LÓPEZ TOUZA (PSOE)
D JAVIER IGLESIAS SENDÍN (PSOE)
Dª NOELIA RODRÍGUEZ TRAVIESO (PSOE)
D CÉSAR MANUEL FERNÁNDEZ GIL (PP)
D MIGUEL GARCÍA DOMÍNGUEZ (PP)
D CELSO SOTELO BARROSO (PP)
Dª CLARA LOEDA SOTO (PP)
Dª MARIA LUZ EXPÓSITO PÉREZ
D XACOBE GARCÍA SOTO (BNG)
D BRAIS FIDALGO MARTÍNEZ (RIBEIRO EN COMÚN)
D MANUEL VÁZQUEZ LÓPEZ (CxG-CCTT)

Non asiste don Ricardo González Amaro, concelleiro do PSOE.
Secretario: Francisco Fernández Castro.

Alcalde.- Boas tardes a todos e todas, concelleiros , concelleiras , ás persoas presentes e aos que nos seguen a través da páxina web.

1. APROBACION, SE PROCEDE, DO BORRADOR DAS ACTAS DAS ULTIMAS SESIONS CELEBRADAS, QUE FOI A DO 27 DE XULLO PASADO (ORDINARIA) E 22 DE AGOSTO E 1 DE SETEMBRO (EXTRAORDINARIAS).

D Brais Fidalgo Martínez fai constar que na acta do 27 de xullo, as preguntas do seu grupo non aparecen todas e hai cinco que se duplican. Con esa corrección as actas resultan aprobadas.

2. DACION DE CONTA DE: A)DAS RESOLUCIONS DA ALCALDIA, SEGUNDO O EXPEDIENTE QUE SE ACHA NA SESION.

De acordo co establecido no artigo 42 do RD 2568/1986, do 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, e o artigo 22.2 a) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, o Concello Pleno queda enterado das resolucións da Alcaldía ditadas dende a sesión anterior , e que de seguido se relacionan:

Do 05 de xullo, unha, sobre aboamentos.

Do 06 de xullo, unha, sobre aboamentos.

Do 07 de xullo; dúas; unha sobre mesa contratación camión basculante con grúa; unha, sobre aboamentos.

Do 10 de xullo, unha, sobre aboamentos.

Do 13 de xullo, unha, sobre aboamentos.

Do 19 de xullo, unha, sobre aboamentos.

Do 20 de xullo, dúas, sobre aboamentos.

Do 21 de xullo, seis; unha, sobre convocatoria Xunta Goberno Local; unha, sobre denegación eficacia comunicación previa obra; unha, sobre eficacia comunicación previa obra; tres, sobre aboamentos.

Do 22 de xullo, unha, sobre eficacia comunicación previa obra.

Do 24 de xullo, dúas; unha, sobre eficacia comunicación previa obra; unha, sobre aboamentos.

Do 25 de xullo, unha, sobre aboamentos.

Do 26 de xullo, sete; unha, sobre expedición tarxeta accesibilidade; unha, sobre delegación de competencias; unha, sobre exclusión de procedemento de contratación; unha, sobre concesión vacacións; dúas, sobre eficacia comunicación previa obra; unha, sobre aboamentos.

Do 27 de xullo, trece; sete, sobre fraccionamento débeda; dúas, sobre ocupación vía pública; dúas, sobre eficacia comunicación previa obras; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre aboamentos.

Do 28 de xullo; dezanove; seis, sobre liquidación plusvalía; unha, sobre exención IVTM; dúas, sobre fraccionamento débeda; unha, sobre exención IVTM por minusvalía; dúas, liquidación ingreso Taxa Sevizo Ext. Incendios e outros; unha, sobre peche oficinas Concello os sábados; catro, sobre eficacia comunicación previa obras; dúas sobre aboamentos.

Do 31 de xullo; tres; unha sobre alta no Padrón Habitantes; unha, sobre eficacia comunicación previa obras; unha, sobre aboamentos.

Do 01 de agosto; catro; unha sobre eficacia comunicación previa actividade; unha, sobre aceptación renuncia; unha, sobre eficacia comunicación previa obra; unha, sobre aboamentos.

Do 02 de agosto; dez; unha, sobre alta no Padrón Habitantes; unha, sobre formalización contrato laboral; catro, sobre concesión vacacións; dúas, sobre eficacia comunicación previa obras; dúas, sobre aboamentos.

Do 03 de agosto; dez; dúas, sobre altas no Padrón habitantes; dúas, sobre fraccionamento débeda; dúas, sobre liquidación plusvalía; unha, sobre limpeza terreos; dúas, sobre eficacia comunicación previa obra; unha, sobre aboamentos.

Do 04 de agosto; vinte e tres; vinte e unha, sobre liquidacións plusvalía; dúas, sobre aboamentos.

Do 07 de agosto; catro; unha, sobre liquidación plusvalía; unha, sobre convocatoria Xunta goberno local; unha, sobre eficacia comunicación previa obras; unha, sobre aboamentos.

Do 08 de agosto; vinte e unha; catorce, sobre limpeza de terreos; unha, sobre alta no Padrón habitantes; unha, sobre bonificación IVTM; unha, sobre liquidación Taxa Servizo Ext. Incendios e outros; tres; sobre concesión vacacións; unha, sobre aboamentos.

Do 09 de agosto; tres; dúas, sobre altas nopadrón Habitantes; unha, sobre concesión de vado.

Do 10 de agosto; oito; tres; sobre devolución plusvalía; tres; sobre liquidación Taxa Servizo Ext. Incendios e outros; unha, sobre eficacia comunicación previa obras; unha, sobre aboamentos.

Do 11 de agosto; dezaseis; sete, sobre fraccionamento débeda; unha, sobre devolución recargos; unha, sobre liquidación plusvalía; unha, sobre alta no Padrón Habitantes; unha, sobre colaboración Festa Pulpo; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre ocupación vía pública; dúas, sobre eficacia comunicación previa obras; unha, sobre aboamentos.

Do 14 de agosto; sete; unha, sobre fraccionamento débeda; unha, sobre liquidación Taxa Serv.Ext. Incendios e outros; unha, sobre suspensión procedemento sancionador; unha, sobre orde execución; unha, sobre ocupación vía pública; unha, sobre eficacia comunicación previa obra; unha, sobre aboamentos.

Do 15 de agosto, unha, sobre aboamentos.

Do 16 de agosto; cinco; dúas, sobre bonificación IVTM; unha, sobre devolución recibo taxa recollida lixo; unha, sobre limpeza terreo; unha, sobre eficacia comunicación previa obras.

Do 17 de agosto; sete; unha, sobre limpeza terreo; unha, sobre concesión servizo axuda no fogar; unha, sobre convocatoria extr. Pleno; dúas, sobre concesión vacacións; unha, sobre eficacia comunicación previa obras; unha, sobre aboamentos.

Do 18 de agosto; cinco; unha, sobre baixa recibo IBI; unha, sobre expte. xeración créditos; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre ocupación via publica; unha, sobre eficacia comunicación previa obras.

Do 21 de agosto; cinco; unha, sobre concesión servizo axuda no fogar; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre ocupación vía pública; unha, sobre eficacia comunicación previa obra; unha, sobre aboamentos.

Do 22 de agosto; cinco; unha, sobre reposición legalidade; dúas, sobre concesión vacacións; unha sobre eficacia comunicación previa obra; unha, sobre aboamentos.

Do 23 de agosto; tres; dúas, sobre concesión vacacións; unha, sobre eficacia comunicación previa obras.

Do 24 de agosto; catorce; unha, sobre concesión servizo axuda no fogar; dúas, sobre expedición tarxeta accesibilidade; catro; sobre concesión vacacións; unha, sobre

convocatoria Xunta Goberno Local; dúas, sobre ocupación vía pública; tres, sobre eficacia comunicación previa obra; unha, sobre aboamentos.

Do 25 de agosto, catro; dúas, sobre alta no Padrón Habitantes; unha, sobre requirimento de medidas urxentes; unha sobre reposición da legalidade.

Do 28 de agosto, catro; unha sobre alta no Padrón Habitantes; unha, sobre aprobación plan seguridade e saúde obra no Castelo; unha, sobre eficacia comunicación previa obras; unha, sobre aboamentos.

Do 29 de agosto; seis; catro, sobre fraccionamento débeda; unha, sobre alta no Padrón Habitantes; unha, sobre eficacia comunicación previa obras.

Do 30 de agosto; tres; unha, sobre alta no Padrón Habitantes; unha, sobre suspensión prazo; unha, sobre aboamentos.

Do 31 de agosto; cinco; tres; sobre tarxetas accesibilidade; unha, sobre convocatoria Xunta Goberno Local.; unha, sobre aboamentos.

Do 01 de setembro; oito; tres, sobre fraccionamento débeda; dúas, sobre altas no Padrón Habitantes, unha, sobre concesión servizo axuda no fogar; unha, sobre eficacia comunicación previa obras; unha, sobre aboamentos.

Do 04 de setembro; dúas; unha, sobre alta no Padrón Habitantes; unha, sobre aboamentos.

Do 05 de setembro; catro, unha, sobre alta no Padrón Habitantes; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre eficacia comunicación previa obras; unha, sobre aboamentos.

Do 06 de setembro; tres; unha, sobre eficacia comunicación previa obras; unha, sobre reposición legalidade urbanística; unha, sobre aboamentos.

Do 07 de setembro; catro; unha, sobre solicitude de subvención; unha, sobre delegación de competencias; dúas, sobre aboamentos.

Do 08 de setembro; dúas, sobre aboamentos.

Do 11 de setembro; tres; dúas; sobre liquidación Taxa Serv. Extinc. Incendios e outros; unha, sobre aboamentos.

Do 12 de setembro; cinco; unha, sobre fraccionamento débeda; unha, sobre limpeza terreo; unha, sobre baixa taxa de alcantarillado; unha, sobre eficacia comunicación previa obras; unha, sobre aboamentos.

Do 13 de setembro; cinco; unha, sobre fraccionamento débeda; unha, sobre Liquidación Taxa Serv. Ext. Incendios e outros; unha sobre ocupación via pública; unha, sobre eficacia comunicación previa obra.; unha, sobre aboamentos.

Do 14 de setembro; catorce; once, sobre liquidación plusvalía; dúas, sobre liquidación Taxa Serv. Ext. Incendios e outros; unha, sobre aboamentos.

Do 15 de setembro; dúas; unha, sobre redución xordada; unha, sobre aboamentos.

Do 18 de setembro; tres, unha sobre permiso por enfermidade de familiar; unha, sobre eficacia comunicación previa obra; unha, sobre aboamentos.

Do 19 de setembro, sete; unha, sobre liquidación plusvalía; unha, sobre exención IVTM; dúas, sobre alta no Padrón habitantes; dúas, sobre eficacia comunicación previa obra; unha, sobre aboamentos.

Do 20 de setembro; oito; catro, sobre alta no Padrón Habitantes; unha, sobre limpeza terreo; dúas, sobre eficacia comunicación previa obra; unha, sobre aboamentos.

Do 21 de setembro; catro; dúas, sobre exención IVTM; unha, sobre permiso por falecemento de familiar; unha, sobre eficacia comunicación previa obra.

3.-PROPOSTA DO GRUPO MUNICIPAL DE RIBEIRO EN COMÚN PARA QUE O CONCELLO DE RIBADAVIA LEVE A CABO UN PLAN DE LIMPEZA PÚBLICA VIAL EXHAUSTIVA E UN PLAN DE CONSERVACIÓN E MANTEMENTO DO MOBILIARIO URBANO E O ESPAZO COMÚN.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Están sendo numerosas as queixas de veciños e visitantes polas suciedade das principais rúas de Ribadavia.

As rúas principais de Ribadavia atópanse nun estado de suciedade moi grave, así o denuncian tanto veciñanza como visitantes que nesta tempada de verán visitan Ribadavia en cantidades moi importantes e positiva. A frase máis repetida polos visitantes e turistas que veñen por primeira vez a Ribadavia é “que vila máis bonita e que descoidada e sucia está, unha pena”. Da mesma maneira, as queixas da veciñanza apuntan na mesma dirección, co agravante que estamos a mediados de agosto e esta problemática vence denunciando por parte do noso grupo desde fai meses, mesmo incluso a través de Mocións que foron aprobadas en Pleno pola corporación ribadaviense.

Outras das queixas máis recorrentes é o mal estado de conservación de mobiliario urbano, parques e fontes, cuestión esta tamén tratada e abordada numerosas veces, e que o goberno continua sen prestarlle atención.

Ribeiro en Común esixe un Plan de limpeza das rúas de Ribadavia, comezando polas rúas máis céntricas que nas datas de moita afluencia de visitantes atópanse en absoluto estado de abandono.

Así, nun escrito presentado o pasado venres 18 de agosto pedimos que se comece de maneira inmediata a limpeza das rúas céntricas como a Praza Maior, as rúas do casco histórico, rúa Alcalde Meruendano, rúa Progreso, rúa do Ribeiro e outras moitas máis cuxo estado é de importante suciedade. Non basta con varrer, senón que hai que aplicar medidas de limpeza máis exhaustivas, pois as manchas na calzada son de moita consideración, causando unha visión de Ribadavia moi inxusta coa realidade dunha das vilas máis bonitas de Galicia.

Por todo isto presentamos para o Pleno de setembro unha nova Moción para que o Concello de Ribadavia aprobe un Plan de limpeza de rúas, que supoña unha limpeza maior das zonas que a día de hoxe se cobren, unha ampliación do horario do servizo de limpeza, o reforzo de novos recursos para esta tarefa, e a implementación dunha resolución aprobada no

seu día e que nunca se levou á práctica como é a extensión do servizo de limpeza ás parroquias.

Esta proposta presentada a pesar de non ser presentada polo grupo de Ribeiro en Común, foi aprobada pola unanimidade dos grupos e da Corporación en Pleno, polo que debe ser a razón principal para que sexa levada a cabo.

Recursos e Coordinación do Servizo de limpeza.

É evidente que fai falta máis persoal, pero sobre todo fai falta unha mellor coordinación do persoal e das quendas de traballo, unha supervisión e unha previsión da labor de limpeza das nosas rúas.

Debe existir unha maior implicación dos concelleiros responsables nestas tarefas, pois o concelleiro e o Alcalde de Ribadavia son os responsables máximos da limpeza do noso municipio todo.

Hai que ampliar os horarios a través de quendas que cubran unha maior xornada de traballo do servizo de limpeza, para elo, si fai falta hai que destinar recursos para a contratación de máis persoal.

En outros municipios similares a Ribadavia vemos como existen quendas e horarios do servizo de limpeza durante todo o día e nas fin de semanas incluídas, xa que o ensuciamento de rúas non coñece de horarios nin festivos.

A limpeza de rúas non é só varrer. Debe existir un Plan de limpeza que supoña o rego ou a implementación de outras medidas que conleven a limpeza das nosas rúas e parroquias de maneira máis exhaustiva e de maneira máis frecuente. Non pode ser que só se faga en datas puntuais como poden ser as festas,

É de xustiza tamén recoñecer o grande traballo que realizan os operarios municipais en eventos de enorme cantidade de xente e visitantes, como por exemplo os días de feira, festividades ou na Festa da Istoría, unha tarefa nada doada e que ano tras ano sempre fan un traballo impecable e nada doado.

Tempadas de escaseza de auga.

Todos os anos Ribadavia ten un problema importante de suministro público de auga. Non é nada novo, xa que é un problema estrutural que padecemos. Esta cuestión é materia para outra Moción, e xa foi abordada en varias ocasións como por exemplo na privatización da xestión da auga municipal que defende o goberno de Ribadavia.

É obriga de calquera goberno responsable poñer os mecanismos e buscar formulas para paliar este problema. A día de hoxe nada se fixo, pero o que desde logo non é de recibo é a formula d e que que si non chove, Ribadavia estea sucia.

Hai formulas que empregan outros Concellos, por qué en Ribadavia non?

Conservación, coidado e reparación do mobiliario urbano e espazos comúns.

Da mesma maneira que sucede coa limpeza de rúa, están tamén sendo numerosas as queixas de veciños e visitantes polo mal estado de mobiliario urbano, parques infantís como o da Alameda e o estado de deterioro de moitos espazos comúns de Ribadavia.

Bancos, papeleiras, colectores, parques infantís, farolas, sinais de tránsito, pivotes de entrada e saída do casco histórico son algúns exemplos de mobiliario urbano que merecen ter unha mellor conservación e mantemento.

Por estes motivos propomos ao Pleno do Concello de Ribadavia a adopción do seguinte

ACORDO:

Que o Concello de Ribadavia estableza un Plan de limpeza exhaustivo, establecendo un Plan de limpeza permanente que complementa e aumenta o traballo que actualmente se realiza, a través de :

Establecemento dun Plano de actuación de labores a cubrir, comezando de maneira inmediata polas zonas máis que máis o necesiten, facendo unha previsión de suciedade e tendo unha capacidade de reacción maior que a día de hoxe non existe.

Establecemento dun novo horario en diferentes quendas do servizo de limpeza de rúa: grupo de mañá e un grupo de tarde, un grupo en fin de semana.

Labores de rego de rúas estable durante todo o ano en todos os barrios e parroquias do municipio. Previsión e anticipación para realizar esta labor tamén nos meses de seca.

Limpeza de pintadas vandálicas nos muros públicos ou privados de todo o municipio.

Que o Concello de Ribadavia estableza un Plan de mantemento e reparación do mobiliario urbano e de espazos públicos, establecendo un Plan de mantemento e conservación permanente de mobiliario, parques infantís, e monumentos, a través de cando menos, unha brigada que realice estas labores.

O secretario lee o ditame da Comisión Informativa.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- Un recordatorio, o regulamento fixa un tempo de intervención dos voceiros, pero non fixa tempo para o proponente da moción. A moción está ben sintetizada nas propostas. Houbo un bo número de visitantes en agosto, moitos se queixaban da limpeza, por iso se redactou a moción. Tamén se fai referencia ao mobiliario urbano. Hai concellos cercanos que limpian nos meses de seca, por tanto é posible. A limpeza e a suciedade non coñecen horarios. Están aparecendo pintadas, son actos vandálicos. Se precisa un plan de mantemento do mobiliario urbano.

D Manuel Vázquez López.- Boas tardes, eu voume reservar para unha segunda intervención.

D Xacobe García Soto (BNG).- Nos viñamos detectando esta cuestión nas rúas Ribeiro e Progreso, principalmente. Os veciños o comentan. O dicen os turistas nas páxinas web. Tamén pasa no casco vello e no propio Castelo. Apoiamos a moción.

D César Manuel Fernández Gil (PP).-A favor, todo o que sexa mellorar a limpeza mellora a imaxe da vila e a vida dos veciños. Non só en Ribadavia, tamén nos outros núcleos de poboación do concello. No primeiro pleno de esta lexislatura se presentou unha moción do PP relativa á limpeza de todos os núcleos do concello que se aprobou e non se implementou.

D Javier Iglesias Sendín (PSOE).- De acordo en todo o que sexa mellorar e dar servizos á cidadanía. Imos dar solución ao tema dos árbores na rúa Principal. Este verán houbo un problema moi grave coa seca, a día de hoxe hai concellos abastecidos por Protección Civil. A Garda Civil e a Policía Local andan detrás das pintadas vandálicas. Non imos a votar en contra, estamos de acordo en todo o que sexa mellorar.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- Agradezo que non haxa votos en contra.

D Manuel Vázquez López (CxG).- Voume abster.

Alcalde.- Non vou a entrar nos comentarios de algúns veciños sobre a cartelería de máis que se coloca. Hai que ser consecuente, en agosto non se pudo recoller auga do río coa prealerta; a prioridade era o consumo humano, conleva ter as rúas máis sucias, hai que priorizar.

Sometida a votación a proposta resulta aprobada cos votos a favor de PP (5), BNG e RBC e abstención de PSOE (4) e CxG.

4.-PROPOSTA DO GRUPO MUNICIPAL DE RIBEIRO EN COMÚN PARA QUE O CONCELLO DE RIBADAVIA SE SUME Á DECLARACIÓN DE ZONA VITIVINÍCOLA AFECTADA ANUNCIADA POLA XUNTA DE GALICIA E QUE O BENEFICIO DAS LIÑAS DE AXUDA SEXAN PARA TODOS OS CONCELLOS AFECTADOS DO RIBEIRO..-

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O Concello de Ribadavia debe ser incluído, xunto a Cenlle e Castrelo de Miño, nas zonas afectadas polo pedrazo e a declaración de “Zona de Emerxencia” para as zonas afectadas do noso municipio, así como tamén outros concellos do Ribeiro dos que non se está a falar a pesar de que tamén foron afectados.

Segundo se ven de facer publico, a Conselleira de Medio rural tivo un encontro cos Alcaldes de Castrelo e Cenlle, e desta xuntanza desprendese que se está a estudar a posibilidade de declarar zona de emerxencia estes municipios.

A pesar de que esta cuestión que neste momento non ten por que supoñer ningunha garantía, o Alcalde de Ribadavia debe facer xestións análogas e reivindicar o mesmo para as zonas afectadas do noso municipio, onde o efecto do pedrazo tamén tivo repercusións graves para moitas fincas, xusto un momento óptimo para a vendima 2017.

Viticultores de Ribadavia están trasladando a súa preocupación pola ausencia de Ribadavia nesta reivindicación a pesar de verse afectada en varias zonas do Concello como poden ser zonas de Santo André, da Groba, ou Sanín, entre outras.

Neste sentido, presentase esta Moción para que o municipio de Ribadavia se inclúa na zona afectada polo pedrazo sufrido na comarca do Ribeiro a finais de agosto, para que o noso Concello se sume a esta reivindicación en defensa dos seus veciños afectados, e que se inclúa Ribadavia como zona que se beneficie das axudas anunciadas pola Consellería de Medio Rural o pasado 1 de setembro.

Como xa se ten solicitado de maneira unánime en ocasións anteriores e similares, desde Ribadavia debemos esixirlle a Consellaría de Medio Rural que garanta as nosas produtoras e produtores teñan unhas colleitas dignas en calidade e cantidade para que non se vexan afectadas polo pedrazo caído a finais do mes de agosto.

A acción que máis urxe é facer unha avaliación e cuantificación precisa dos danos provocados polo pedrazo nos cultivos agrarios; así como determinar que porcentaxe de cultivos afectados non están cubertos por seguros agrarios e crear unha liña de axudas directas para garantir a liquidez das persoas afectadas e compensar as perdas.

Por estes motivos propomos ao Pleno do Concello de Ribadavia a adopción do seguinte

ACORDO:

-Que o Concello de Ribadavia solicite á Xunta de Galicia incluírse como zona afectada polo pedrazo sufrido na comarca vitivinícola do Ribeiro, xunto aos Concellos de Castrelo de Miño e Cenlle.

-Que o Concello de Ribadavia solicite que os viticultores do noso municipio se vexan beneficiados de todas as axudas que a Xunta de Galicia aprobe ou vai aprobar, tal e como xa anunciou que ía facer.

.- Que o Concello de Ribadavia lle solicite á Xunta de Galicia que estableza unha liña de axudas directas para garantir a liquidez das persoas afectadas e compensar as perdas.

-Que o Concello de Ribadavia lle solicite á Consellería de Medio Rural que garanta que as produtoras e produtores do Ribeiro non vexan afectadas por culpa do pedrazo de

agosto e da xeadada de abril, as súas colleitas en cantidade e calidade, para asegurar a continuidade dunha actividade socioeconómica tan importante como é a viticultura nunha comarca como a do Ribeiro.

-Que o Concello de Ribadavia lle solicite á Deputación provincial que estableza e participe complementariamente das posibles liñas de axudas para os afectados de Ribadavia e de todo o Ribeiro, e que en todo o caso aprobe unha liña de axudas.

-Que en todas as axudas e beneficios que se establezan para os afectados, tanto pola xeadada de abril como do pedrazo de agosto de 2017, non se discrimine a ningún viticultor por razón xeográfica do seu municipio, e polo tanto se teñan en conta todos os municipios do Ribeiro.

-Que esta Moción sexa trasladada a todos os Concellos da comarca do Ribeiro, á delegación da Xunta de Galicia en Ourense de Medio rural, á Deputación provincial de Ourense e á Consellería de Medio Rural.

O secretario lee o ditame da Comisión Informativa.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- Esta moción foi presentada o día 4 de setembro , por un anuncio na páxina web da Consellería de Medio Rural dunha reunión coa conselleira dos alcaldes de Cenlle e Castrelo de Miño polo pedrazo e saraibada de fins de agosto; habendo viticultores afectados neste concello non cabía a distinción por municipio. A xunta debe incluír aos viticultores do noso municipio e de outros. A consellería debería implementar liñas de axuda directas. O mesmo se pode falar da xeadada, parece que algúns sectores o olvidaron, a Xunta ten unha débeda pendente con esta problemática. A Deputación Provincial tamén ten que implicarse que estableza unha liña de axuda propia ou complemente a da xunta. Hai que felicitar aos alcaldes de Cenlle e de Castrelo de Miño pola súa resposta inmediata.

D Manuel Vázquez López.- O noso grupo vai votar a favor. A conselleira tiña que ter máis tacto, hai máis concellos na Denominación de Orixe Ribeiro .Hai dos deputados que son viticultores debían ter dito á conselleira que visitara a comarca e falase con todos os alcaldes.

D Xacobe García Soto (BNG).- Temos riba da mesa os dos grandes problemas da viticultura este ano. A moción só serviría para modificar os parámetros da Xunta, é unha liña de refinanciamento de pasivos e axudas mentres se cobran os seguros que ninguén ten. Estas medidas non sufragan as perdas dos viticultores, que non as sufriron as adegas, as empresas. O viticultor que é o que sofre as perdas non vai recibir axudas. Nos encantaría que se aplicase o que dice a moción, pero a realidade non é esa. A moción expresa as reivindicacións do BNG.

D César Manuel Fernández Gil (PP).- A conselleira se reúne con quen o pide. Este pleno a declarou persona non grata co único voto en contra do PP, e abstención de CxG. Nos xa votamos a favor das axudas na xeadada. Este debate se produce por terceira vez. A Consellería xa está levando a cabo medidas. Houbo unha proposta de lei presentada polo PP, cos votos a favor só do PP para unha liña de axudas. É interesante a posibilidade de liñas de axuda da Deputación, hai deputados provinciais neste pleno. Apoio a proposta , pero quero deixar claro que dende a Xunta se tentou paliar unha situación catastrófica. A Ribeira do Avia e San Cristovo foron moi afectados.

D Javier Iglesias Sendín (PSOE).- Dí o autor da moción que seguen os efectos da xeadada, o pedrazo pola rápida actuación das adegas non foi o que inicialmente se pensou pola tromba descomunal. O problema no Ribeiro é a xeadada. A vendimia rematou cunha importante caída na produción. Discrepo do voceiro do PP cando dice que a conselleira se reúne con calquera que o pide, hai asociacións que seguen esperando. A nos non nos parecía correcto declarar a conselleira persona non grata, non veu a Ribadavia nin a outros concellos.

A cepa e o agricultor do Ribeiro son duros, seguen ahí. O problema é o relevo xeneracional, a administración se mete cos traballos de boa convivencia , iso é atacar. A climatoloxía , as enfermidades da vide, que a administración non sexa unha enfermidade máis.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- Subscribo as palabras do voceiro do PSOE, falamos da xeadá e do pedrazo.As axudas da Xunta non son directas, son unha liña de financiamento, pedimos axudas directas. Se fiscalizan as axudas familiares na colleita, a conselleira se esconde detrás das pólizas , culpando aos afectados por non ter pólizas. Isto lle consta e o coñece, hai que trasladarlle isto á conselleira.As axudas non coinciden co que o sector reclama, e non se pode distinguir entre concellos.

D Xacobe García Soto (BNG).- Igual había que declarar á conselleira persoa adorable. A axuda aos viticultores tivo que ser directa xa antes, agora parece que por unha cuestión simbólica se discrimina aos habitantes de Ribadavia. Quero pensar que se solicitou unha entrevista por este concello, estou de acordo en que debe recibir a todos os alcaldes. Respecto ao acoso da inspección de traballo, deberían comprender a realidade do país.

D César Manuel Fernández Gil (PP).- O tema dos seguros merece un debate profundo, pola estrutura da terra en Galicia non se fai. Hai que buscar fórmulas para que as pólizas sexan acaídas a nosa estrutura territorial. A día de hoxe non son útiles, case non se contratan en Galicia, non é a ferramenta útil que debía ser. A administración tería que buscar solucións, seguros colectivos, que fose a Denominación de Orixe a tomadora. A vendimia está case rematada, perdeuse en torno ao 20% , é unha perda importante hai que disgregar por zonas, hai zonas co 90% de perda. O ano anterior foi malo polo mildiu. É un debate importante que os seguros sexan útiles.

D Javier Iglesias Sendín (PSOE).- Eu pregunto por qué a Xunta e o Estado non lle dan aos agricultores o que aportan para cubrir a subvención cos seguros agrarios. A perda respecto da colleita do 2015 é do 45%. O val de Avia é o máis castigado, a administración debe escoitar ao sector. Hai que buscar fórmulas de cara ao futuro, o agricultor o que non quere é que ningún fenómeno climatolóxico lle leva a produción.

Alcalde – Hai que aclarar cousas, nos nos arrepentimos de ter pedido no pleno que se retirará o de persoa non grata, votamos o fondo da moción. Vista a evolución das cousas me arrepinto. O motivo da moción é comparar alcaldes. O primeiro alcalde en pedir unha reunión foi o de Ribadavia, con educación e sen facer política, pedí reunión con todos os alcaldes do Ribeiro. Da última reunión a realidade é que só serviu para facer unha foto ; onde está a liña de axudas? Á solicitude de este alcalde tampouco se lle fixo caso, a esta moción tampouco se lle vai facer caso. A conselleira non pode desatinar máis. Hai dous parlamentarios do PP para reivindicar a agricultura do Ribeiro, ningún alzou a voz. Se lle da a volta, que a culpa é do alcalde por non pedir reunión. Todos os colectivos e os alcaldes pediron unha reunión e , polo menos, ter a sensibilidade de escoitar. Se trataba de sacar unha foto cun alcalde que non fose do PP. Na Deputación Provincial, eu estou na oposición e xa se aprobou unha moción como ésta e co mesmo resultado, non hai axudas directas. Nada de nada. Este alcalde foi o primeiro en pedir unha reunión, houbo unha moción para que non se fixera nada. Esperemos que a Xunta arregle algo.

Sometida a votación a proposta é aprobada por unanimidade.

5.-PROPOSTA DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPROMISO POR GALICIA PARA QUE SE PROCEDA Á RECUPERACIÓN DO POZO SITUADO NA ÁREA RECREATIVA DE A VERONZA PARA UTILIDADE DOS SERVIZOS MUNICIPAIS..-

Exposición de motivos

Tendo en conta que nos últimos veráns vimos tendo problemas de abastecemento para certos servizos (regadío de xardíns, abastecemento para as cargas de vehículos municipais de emerxencia, etc) sería importante poñer en funcionamento o pozo con un sistema de motor e un estanque colindante ao mesmo.

A auga como todos sabemos é un ben escaso, ao aproveitala de forma natural, contribúe a sostenibilidade do medio natural.

1º Instar o goberno municipal que encargue aos técnicos municipais un proxecto sobre o pozo da Veronza para o aproveitamento da súa auga.

2º Instar ao goberno municipal que contemple unha partida económica para o exercicio 2018 para este proxecto.

D Manuel Vázquez López (CxG).- A moción está ben explicitada., é unha pequena medida. É unha obra dun coste moi pequeno, pero que pode ser unha axuda.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- A favor, é factible e interesante. É complementaria, non soluciona o fondo do problema, hai que ver si é factible técnicamente. A empresa adxudicataria da auga, se lle renova de balde, cando Ribadavia necesita unha nova captación. Non queremos os seis anos de prórroga total do contrato, o problema de fondo é a nova captación.

D Xacobe García Soto (BNG).- É unha medida que pode ser interesante, é rendible.

D César Manuel Fernández Gil (PP).- É un pozo que non ten manantial propio , funciona coa capa freática, e depende do caudal do río.

D Javier Iglesias Sendín (PSOE).- O pozo funciona coa capa freática.Se a cabeza da bomba está cuberta non da achicado.Se realizou unha mellora na nosa segunda lexislatura, e captación para regar a zona recreativa. O custe sería baixo. Tentaremos solucionalo. O concello ten solicitada a nova captación ante a Confederación Hidrográfica Miño Sil, e a partir de ahí hai que facer o orzamento. Despois se buscará financiación e unha obra prioritaria para este concello.

D Manuel Vázquez López (CxG).- Non sei a que técnicos lle preguntou o portavoz do PP. É a lei de Pascal, este sistema funciona coa presión atmosférica.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- Me alegra que o goberno esté traballando , pero xa pasaron dous anos de lexislatura e xa se falou ao inicio da lexislatura. Reivindicamos que a auga sexa un servizo público.

D Javier Iglesias Sendín (PSOE).- Teremos fallos e defectos, pero estamos na boa liña en esixir contraprestacións para o público.

Sometida a votación a proposta , obtense o seguinte resultado votos a prol PSOE (5), BNG, RBC e CxG, e abstención do PP (9) ficando aprobada.

6.-PROPOSTA DO GRUPO MUNICIPAL DO PSOE RELATIVO Á POSTA EN MARCHA DUN MODELO DE PLAN ÚNICO PARA OS CONCELLOS DA PROVINCIA DE OURENSE.-

O artigo 36 da Lei 7/1985 . do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establece que é competencia propia das deputacións provinciais a asistencia e cooperación xurídica , económica e técnica ós concellos, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión. Por iso e en coherencia coa lexislación , é polo que as deputacións aproban anualmente un Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal. A Deputación de Ourense ten previsto para o ano en curso a colaboración cos concellos a través de varios instrumentos : Plan Provincial de Cooperación, dotado con 5.308.500 euros, o Plan da Rede Viaria, orzamentado con 2 millóns , o plan de emprego , con 910 mil euros , a razón de 10 mil euros por concello, cooperación vía convenio cos concellos(1,3 millóns de euros) , plan termal con 1,2 millóns de euros e acción social (1,2 millóns de euros).

De todos eles, tan só o Plan Provincial , o de emprego e de acción social, son os únicos que se distribúen a todos os concellos, en función de criterios predeterminados de antemán, aínda que discutibles, ao facerse de xeito lineal, con independencia do tipo de concello, e, das súas características. Esta achega, en relación cos 77 millóns de orzamento provincial , apenas supón un investimento de pouco máis do 6% do total. Trátase dunha partida cativa, que non permite abordar as moitas e cada vez máis crecentes necesidades que temos nos concellos.

Estes datos contrastan enormemente co esforzo que están a facer nas demais deputacións galegas nesta materia , que se moven por enriba do 25% do total do orzamento (ate o 43% no caso da Deputación da Coruña) , agrupando todas as subvencións ós concellos nun plan único que permite , ademais de simplificar a burocracia e axilizar as achegas, repartir de xeito obxectivo, en función de criterios ponderados, o diñeiro público, reducindo drásticamente a discrecionalidade na asignación dos fondos públicos provinciais, afondando así nas políticas de equidade, obxectividade e transparencia nas accións de cooperación cos concellos.

Asemade, desde hai varios anos, feita á liquidación anual , a Deputación ven arroxando un superávit importante que se distribúe case exclusivamente , con criterios subxectivos e discrecionais, mecanismo que impide que moitos concellos poidan percibir achegas á marxe das establecidas nas subvencións arriba mencionadas. É preciso que nunha provincia que lidera os peores indicadores socio-económicos e poboacionais, con máis de 300 núcleos nos que non se conta nin con un só habitante, se creen as condicións para que as persoas poidan vivir nunhas condicións dignas, con servizos e infraestruturas do século XXI, e para iso cómpre que os concellos poidamos dispor de recursos , e dentro da nosa autonomía municipal destinalos para aquilo que consideremos perentorio e necesario. Cómpre tamén que a Deputación cumpra co obxectivo fixado para colaboración cos concellos de menos de 20.000 habitantes que é o sentido da súa pervivencia como institución.

Do mesmo xeito é necesario demandar que o Partido Popular de Ourense sexa coherente co que aproban os seus alcaldes na FEGAMP e cos acordos que establece esta co goberno da Xunta, da mesma cor política. Así pois , é preciso que se implementen os criterios obxectivos acordados por unanimidade da Federación Galega de Municipios e Provincias, onde a propia Deputación está representada que son os de : superficie, poboación, entidades de poboación e índice de envellecemento e ofrecerlle ós nosos concellos equidade e transparencia a través dun plan único. As afinidades políticas non deben influir, nunca e en ningún caso, na dotación de recursos para os veciños e veciñas, estas deben poder escoller a

quen queiran como alcalde con independencia da que vaian a recibir máis ou menos recursos para financiar os servizos municipais.

1º Instar á Deputación Provincial de Ourense para que no vindeiro orzamento , e tendo en conta os criterios de reparto xa establecidos pola FEGAMP, se faga o reparto ós concellos da provincia a través dun plan único de infraestruturas que se sitúe na fronteira dun 1/3 do total do orzamento , como xa fan as restantes deputacións galegas.

2º Esixir da Deputación que suplemente no actual exercicio orzamentario, as partidas destinadas a cooperación cos concellos (plan provincial, plan de emprego, etc) dotándoas dos recursos necesarios para modificar as actuais cantidades de reparto ata situalas nuns índices semellantes ó resto das deputacións galegas.

3º Esixir de todas as administracións que os recursos públicos, os recursos de todos e todas, se repartan de xeito obxectivo e responsable na procura dunhas mellores condicións de vida para a nosa veciñanza.

D Javier Iglesias Sendín (PSOE).- Esta reivindicación se fixo polo grupo provincial na Deputación, se tenta trasladar á Deputación de Ourense o modelo das outras Deputacións. Hai uns criterios da Fegamp son os máis acaídos para repartir os fondos. Sería un modelo de reparto xusto e equitativo , en función da poboación, saen favorecidos os políticos con independencia da cor político do alcalde.

D Manuel Vázquez López (CxG).- Máis xusto e equitativo en función da poboación do concello.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- Seguí a conferencia do portavoz do PSOE e do BNG, pareceume unha proposta xusta. Boto de menos o cálculo do que gañaría o concello de Ribadavia, seguro que o conselleiro de facenda o sabe. É unha proposta xusta para todos os concellos da provincia., unha proposta de consenso para o reparto dos fondos públicos da Deputación. Pido que o goberno sexa coherente e faga o mesmo no concello. Tense pedido un plan de obras por consenso de todos os grupos do concello.

D Xacobe García Soto (BNG).- O meu grupo é copartícipe de esta moción, nas outras tres deputacións se implementou esta medida polo propio BNG. É unha medida xusta para o reparto dos fondos da Deputación aos concellos. Eu son coñecedor da realidade dos concellos gobernados polo BNG, e nas provincias de Coruña e Pontevedra supón un incremento do 75% na percepción dende a Deputación. Os criterios de reparto son obxectivos. Eu manexo o dato de Allariz, é en torno ao 75%. É unha medida intelixente, ten éxito nas outras deputacións. Os propios concellos.

D.César Manuel Fernández Gil (PP).- Estamos en contra, houbo algo que me chamou a atención, o cambio do discurso tradicional de outros grupos, fai catro anos pedían o desmantelamento das Deputacións, agora que as gobernan resulta que xa son útiles. Críticase que na Deputación de Ourense hai un baixo porcentaxe de investimento real, é do 6% , o mesmo que o do concello de Ribadavia, non hai tanta desviación.

Falase de que o concello de Allariz con esta modalidade percibiría 100.000 euros; o concello de Ribadavia , sen o Plan de Cooperación, percibiu 186.000 da Deputación, según resulta da liquidación do ano 2016. É unha cuestión política, criticar un modelo de xestión que a cidadanía refrenda elección tras elección. Podía atenderse a inversión nas parroquias en función de criterios de poboación, poden implementar un modelo como éste neste concello e veremos a eficiencia. O conselleiro de Facenda debería indicar os ingresos reais do concello procedentes da Deputación no 2016, a débeda pendente coa deputación , o plan de pago da débeda; enriquecería o debate.

Alcalde.- 185.000 na liquidación a favor do concello incluíndo a coparticipación na Mostra Internacional de Teatro , que se tramitou como unha subvención nominal ao concello que éste non pediu.O Convenio do Grupo de emerxencias, os XES, esa participación se tería que facer cun acordo coa Xunta. Se dixo que Ribadavia era o concello que máis percibía , non é certo, computan as axudas ás asociacións, Festa da Historia,Noite Meiga, etcétera... Vostede defende máis á Deputación que ao concello. Os presidentes das outras tres deputacións son socialistas. O plan de obras da Deputación de Pontevedra é de tres millóns de euros. As Pontes recibe millón e medio de euros con dez mil habitantes.

D César Manuel Fernández Gil (PP).- Os orzamentos da Deputación de Pontevedra e Coruña son máis altos.

Alcalde.- Os datos quiméricos son bos pero non o fondo do asunto. Coa proposta que se fai na Deputación, o concello de Ribadavia percibiría 200.000 euros . Cando se di que o porcentaxe de inversión é do 6% , iso é cos ingresos existentes ao principio do ano, ao fin do ano é moito máis. As administracións que sufragan son as que ten que facer un reparto xusto Esta moción xa a presentamos na Deputación. O presidente da Deputación rebaixou 7.000 euros nos plans por pedir máis, o ano pasado tiñamos 55 mil euros e queda agora en 48.000 . Hai 1.500.000 euros no orzamento da Deputación que ven nun Plan de obras sen ningunha denominación. Si se pregunta na Deputación , se contesta que se executará ao longo do ano ¿ Cómo ¿ Dando aos concellos do PP.

Hai que defender a autonomía municipal, se os concellos licitan as obras ás poden outorgar a empresas locais. Dunha obra de 55.000 euros , para licitar o concello tivemos que poñer 27.500 euros, agora temos que poñer o 100%. Cando non o fai a propia Xunta , resulta preocupante que a Deputación queira licitar todas as obras dos concellos. Creen que poden facer o que lles de a gana na Deputación. No concello hai transparencia, os concelleiros poden acceder a todos os expedientes, falar con calquera técnico do concello libremente. Na Deputación se entrega o orzamento tres días antes do pleno , quinientos folios en tres días. Que cada concello licite as obras é unha batalla que ten que dar calquera alcalde.

D Manuel Vázquez López (CxG).-O noso voto é favorable.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- Este grupo reitera que lle gustaría un trato mellor dende o goberno para poder chegar a acordos. No 2016 e no 2017 Ribeiro en Común chegou a acordos para aprobar o orzamento. O alcalde presume de chegar a acordos coa oposición , o difícil e que eses acordos se leven a cabo.

Este grupo non vai a aprobar máis orzamentos mentres non se cumplan os acordos. Non é de recibo falar de darlle obras á empresas locais,sempre traballa a mesma empresa local, mesmo as ferreterías. Fala de empresas locais e a obra do Parque Empresarial adxudicouse a unha empresa de fóra.

Alcalde.- Diga a que empresa se refiere.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- Xa o sabe.

Alcalde.- Indecendencia é decir mentiras . Diga cal é esa empresa.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- Estou intervindo no meu turno de palabra. É fácil chegar a acordos co concelleiro de Facenda , pero non se pode vir ao pleno a presumir de chegar a acordos coa oposición se logo os acordos non se cumpren. Valen os acordos cuns grupos e non con outros. Para Ribeiro en Común a transparencia é fundamental; queremos convocatorias públicas, o que fai a xunta de goberno é legal, mesmo podería adxudicar directamente;; pero sendo legais as adxudicacións pedimos que as contratacións sexan abertas e públicas.

Alcalde.- O PP está encantado con vostede, unha moción relativa ao PP na Deputación vostede lle da a volta.

D Xacobe García Soto (BNG).- O BNG é un partido coherente, dí o mesmo en todas as institucións. Presentamos un plan de obras municipal. A lóxica do BNG é o desmantelamento das deputacións e traspasar a súa capacidade económica aos concellos que é onde están os veciños. Non temos dende a Deputación a capacidade para suprimilas, as protexe o libro sagrado do PP, o seu libro de lectura na mesilla de noite, a Constitución.

Insistimos na necesidade de ese Plan de Obras municipal , o criterio tería que ser o mesmo no concello e na deputación. Insistimos en que co novo criterio o concello de Ribadavia pasaría de 55.000 euros a 200.000 euros.

D César Manuel Fernández Gil (PP).- Eu son portavoz do PP e son militante do PP e lle aseguro que entre os meus libros de mesilla de noite non está a Constitución, foi unha afirmación simpática a do voceiro do BNG. O alcalde cometeu un lapsus linguae ou ben o traizooou o subconsciente pois afirmou que esta moción ía contra o PP da Deputación, non entón para mellorar o reparto de fondos na Deputación. Reiterar o noso voto en contra, é importante defender un modelo que está dando os seus frutos, o contrario é un brindis ao sol.

Alcalde.- O problema é os que utilizan unha institución contra os que gobernan eiquí. Se decía que o concello debía 300.000 euros, cando a realidade é que a Deputación lle debía ao concello 200.000 euros, por iso se proponía un plan. Os grupos de emerxencia non se pagaron porque a partida se esgotou.

Cando o presidente de goberno se poñe en frente do concello de Ribadavia con outros cargos públicos con cara de reproche, se lle falta ao respecto á institución municipal.

Respecto á intervención de Ribeiro en Común eu non dixen que fora fácil alcanzar acordos, senón que era fácil sentarse para tratar de chegar a acordos. Nas últimas obras adxudicadas non hai ningunha empresa de eiquí porque non teñen capacidade económica e administrativa para facelas, a veces hai que esperar que a xunta pague ata oito meses. Nas primeiras contratacións se invitou a ata catorce empresas de Ribadavia, somentes se presentou unha ou dúas. Os prazos para as contratacións os marcan outras administracións non o concello, vostede dí que non lle vale a excusa dos prazos, se as outras administracións deran os cartos ao principio do exercicio e fóra o concello o que fixará os prazos podían ser distintas as cousas. Se a obra se ten que facer nun mes é distinto. Se a financiación a tiveramos dende o principio todas as contratacións podería ser abertas. No plan Marco chega a financiación e a obra ten que escomenzar ao día seguinte. Se cambia a lei de Contratos e dice outra cousa eu o cumpriría como cumplo a actual. Eu reivindico este plan único na Deputación.

Sometida a votación a proposta resulta aprobada co voto a favor de PSOE, BNG, RBC e CxG, e voto en contra do PP (5).

7.-PROPOSTA DE APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONCESIÓN DE CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS DO ORZAMENTO MUNICIPAL DE 2017 PARA SUFRAGAR A ADQUISICIÓN DUN VEHÍCULO PARA OS SERVICIOS ELÉCTRICOS MUNICIPAIS CON CARGO AO REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA, MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 6/2017.

PRIMEIRO.- Que se aprobe inicialmente o expediente de modificación de créditos num6/2017 , na modalidade de crédito extraordinario, financiado con cargo ao remanente líquido de tesourería resultante da liquidación anterior, de acordo co seguinte resumo por capítulos:

Esta modificación finánciase con cargo ao remanente líquido de tesouraría, nos seguintes termos:

Orzamento de gastos			
Aplicación orzamentaria		Descrición	Euros
Progr.	Económica		
165	625.00	Adquisición vehículo servizos eléctricos	7.260
		TOTAL GASTOS	7.260

Esta modificación finánciase con cargo ao remanente líquido de tesouraría, nos seguintes termos:

Orzamento de ingresos			
ECONÓMICA		Descrición	
Concepto			
870		Remanente Tesourería Gastos xerais	7.260
		TOTAL INGRESOS	7.260

SEGUNDO:- Expor este expediente ao público mediante anuncio insiro no Boletín Oficial da Provincia , polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado si durante o citado prazo non se presentaron reclamacións ; en caso contrario, o Pleno disporá dun mes para resolvelas.

D Manuel Vázquez López (CxG).- A modificación orzamentaria é imprescindible para prestar o servizo.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- É necesaria , non nos podemos oponer. Fago a suxerencia de que se adquirira un vehículo multiusos que o poida usar a brigada de obras. Faría falta un vehículo máis, un compatible ,ou comprar dous.

D Xacobe García Soto (BNG).- Hai un problema a solventar, hai que comprar o automóvil.

D César Manuel Fernández Gil (PP).- Estamos a favor ,¿ o vehículo é de ocasión?

D Javier Iglesias Sendín (PSOE).- O vehículo vese ben para ese prezo, fai falta outro máis , os operarios consideran esencial a grúa, va a pluma. Hai que falar con varias marcas para que formulen propostas, o custo o encarece a homologación. Habería que recollelo no orzamento.

Sometida a votación a proposta é aprobada por unanimidade.

8.-PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO RUEIRO MUNICIPAL.

Vista a solicitude formulada por dona María Lucrecia Rodríguez García , con número de rexistro de entrada no concello 4199 , de 16 de agosto de 2017, no que indica que é propietaria dunha vivenda en Sampaio, a última na rúa de Abaixo, e que ten diferentes referencias para o lixo, o alcantarillado e para catastro, e solicita que lle sexa asignado un número , manifestado que o número da veciña colindante é Rúa de Abaixo 16.

ACÓRDASE:

Modificar o rueiro municipal asignando a vivenda de titularidade de dona María Lucrecia Rodríguez García, a última na Rúa de Abaixo, o número de Rúa de Abaixo 18.

Dar traslado do presente acordo ao catastro aos efectos oportunos.

Sometida a votación a proposta é aprobada por unanimidade.

9.-PROPOSTA DE ACORDO PARA SOLICITAR A DELEGACIÓN DA INSPECCIÓN DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS ANTE A AXENCIA ESTATAL DA ADMINISTRACIÓN TRIBUTARIA.

Consonte ao previsto no artigo 91.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobada por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo , se establece a posibilidade da delegación da competencia inspectora do Imposto sobre actividades económicas que corresponde aos órganos competentes da Administración Tributaria do Estado nos concellos, Deputacións Provinciais, Cabildos ou consellos insulares, e outras entidades locais recoñecidas polas leis e as Comunidades autónomas que o soliciten, e as fórmulas de colaboración que poidan establecerse con estas entidades, todo ello nos termos que se dispoña polo Ministerio de Facenda.

Asemade, o artigo 18.2 do Real Decreto 243/1995 de 17 de febreiro.

PROPOSTA:

Solicitar a delegación da competencia inspectora do Imposto sobre Actividades Económicas, para o termo municipal de Ribadavia, con os límites e condicións establecidos na Orde do Ministerio de Economía e Facenda, de 10 de xuño de 1992, pola que se desenrola a delegación e colaboración na inspección do imposto.

D Manuel Vázquez López (CxG).- Estamos a favor, o importante é que se poida revisar o imposto de actividades económicas. A maior recadación mellor para os veciños, é beneficioso.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- Calquera inspección dos impostos, en teoría, redundará en beneficio para o concello. O prezo a pagar á empresa vai ser moi pequeno. O IAE grava ás empresas grandes, de máis de un millón de euros. Afecta aos que ten máis capacidade para pagar, non como o catastrazo que foi inxusto.

D Xacobe García Soto (BNG).- Pediría que se me remitise a proposta en galego. No noso concello pode afectar a tres ou catro empresas, mellor se houbese máis. Non vai a ser unha revisión indiscriminada.

D César Manuel Fernández Gil (PP).- Imos a votar a favor, é interesante incrementar a recadación. Nos gustaría que a inspección fose feita polos servizos técnicos municipais.

D Javier Iglesias Sendín (PSOE).- Agradecer o apoio a proposta, non hai técnicos municipais con capacidade para facer a inspección; a empresa que a fai é de especialistas.

Alcalde.- Estou de acordo no tema do IBI. Eu non estou disposto a aguantar como alcalde, que impostos que recadan outras administracións e os veciños pensan que os incrementos son cousa do alcalde, e logo que a dereita faga ese discurso de que hai que baixar impostos, eu non estou disposto a que no ano 2018 se lles pegue outro sablazo aos veciños. Si é factible legalmente nos imos a opoñer. Estou disposto a recoller o guante de Ribeiro en Común nese punto.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- Vou facer un repaso dos últimos tres anos. Houbo concellos en que a actualización do IBI se fixo dende o Estado; en Ribadavia se fixo a instancia do goberno, hai un acta da Xunta de Goberno en que se solicita. Descoñezo se afectara no 2018. Ribeiro en Común non está a favor de baixar impostos, pero se pide que se xestione ben, que a cidadanía vexa os froitos da súa aportación. Ribeiro en común pedía compensar aos afectados.

Alcalde.- Técnicamente é a instancia do goberno , pero é polo plan de axuste. As alternativas eran aumentar impostos ou despedir persoal, a outra vía era esa. Había que cumprir unha directriz que nos viña imposta.

Sometida a votación a proposta é aprobada por unanimidade.

10.-PROPOSTA DO GRUPO MUNICIPAL RIBEIRO EN COMÚN PARA QUE O CONCELLO DE RIBADAVIA PROMOVA UN HOMENAXE ÁS IRMÁS TOUZA E A LOLA TOUZA.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

As crónicas din que foi a través dun xudio neiorquino chamado Isaac Retzmann e dun galego emigrado Amancio Vázquez que posibilitou que a historia das irmáns Touza vira a luz da man do libreiro e intelectual Antón Patiño, xa que tanto as tres irmás coma os seus compañeiros e cómplices gardaron silencio eterno.

A historia di que as irmás Touza, Lola, Amparo e Julia, lideraron en Ribadavia unha rede de solidariedade coas persoas que fuxían do nazismo e do antisemitismo durante a 2ª Guerra Mundial. Xunto a elas, catro veciños colaboraban na rede de solidariedade e fuxida, José Rocha Freijedo , Javier Mínguez Fernandez (O Calavera), taxistas, Ricardo Pérez Parada (O Evangelista), un emigrante retornado que exercía labores de tradución, e Ramón Estévez, barqueiro. As ribadavienses desta rede salvaron vidas humanas, arriscando as propias.

Ata o ano 1964 nada se coñeceu desta historia. En 1966 morreu Lola Touza, líder desta rede de solidariedade En setembro de 2008 as tres irmás recibiron unha homenaxe ben merecida en Ribadavia. Este grupo municipal descoñece si se realizou algunha máis no noso municipio. Fora de Ribadavia tamén existen recoñecementos ás heroínas ribadavienses, é o caso da Asemblea Universal Sefardí, ou do The Peres Center .A día de hoxe só permanece unha placa conmemorativa, deteriorada e agochada que apenas se pode localizar, e que ao noso entender resulta pouco digna para os méritos realizados por estas veciñas de Ribadavia.

Por estes motivos propomos ao Pleno do Concello de Ribadavia a adopción do seguinte ACORDO:

Que o Concello de Ribadavia tramite expediente de honra para as Irmás Touza e todas as veciñas e veciños que protagonizaron a rede de solidariedade humana. Expediente de honra que debe ser realizado por unanimidade da Corporación e do Pleno.

Que o Concello de Ribadavia tramite o nomeamento dunha rúa de Ribadavia co nome de “Irmás Touza”, cuxa elección, ubicación, e contido da placa, debe ser realizado todo por unanimidade da Corporación e do Pleno. Para a cal propoñemos a rúa onde se sitúa a súa casa natal.

Que o Concello de Ribadavia realice as seguintes accións de homenaxe:

Colocación placa conmemorativa na estación de ferrocarril de Ribadavia no mesmo lugar que estaba ubicado o quiosco que rexentaban as irmás Touza.

Colocación dunha nova placa conmemorativa na casa das irmás Touza que veña a substituír a actual placa deteriorada e agochada [unha placa de maior tamaño, no exterior do soportal para darlle unha situación preferente, e de acordo á normativa urbanística].

Nomeamento dunha rúa de Ribadavia co nome de “Irmás Touza. Lola, Amparo e Julia, loitadoras pola liberdade”, cuxa elección, ubicación, e contido da placa debe ser realizado por unanimidade da Corporación e do Pleno.

Organización de xornadas con especialistas sobre a memoria histórica centrada na historia da rede de fuxida organizada polas irmás Touza e a veciñanza de Ribadavia que formou parte da mesma.

Homenaxe a todas as veciñas e veciños ribadavienses que participaron nesta heroica rede de solidariedade, e cando menos a : Lola Touza, Amparo e Julia Touza, José Rocha Freijedo , Javier Minguez Fernández, Ricardo Pérez Parada e Ramón Estévez.

Que o Concello de Ribadavia dea traslado destes acordos ás familias máis directas existentes destas veciñas e veciños. Que se dea traslado deste acordo á Asociación “Centro de Estudos Medievais” de Ribadavia, a organizacións para a recuperación da memoria histórica de Galicia, a organizacións non gubernamentais de recuperación da memoria do holocausto contra o pobo xudio, e a Fundación Yad Vashem.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- É unha moción necesaria, incardinada na recuperación da memoria histórica. Os ribadavienses podemos estar orgullosos desta fazaña. A placa na casa non é suficiente, ten que ser coñecido. As irmás Touza e os seus colaboradores ten pendente un homenaxe de Ribadavia e de Galicia.

Debería ser por consenso de toda a Corporación, o concreto hai que dibuxalo nunha xunta de voceiros. Esta moción está aberta a engadegas e melloras. Habería que colocar unha placa na casa natal, na estación de ferrocarril e poñerlle o nome a unha rúa. Todo por consenso. A suxerencia da familia sería a rúa da casa natal. É un tema xusto e necesario. A xente nova nos colexios debería coñecer a historia. Hai que mencionar e homenaxear aos veciños que colaboraron , que ningún quede fora. É unha moción xusta, pedimos o apoio.

D Manuel Vázquez López (CxG).- A favor, é unha cuestión fundamental , as irmás loitaron pola xustiza e a liberdade , e salvaron a vida a moita xente.

D Xacobe García Soto (BNG).- A favor.Cando tivemos responsabilidades de goberno no ano 2008 se fixo un homenaxe neste salón, unha entrega de frores no cemiterio e no ano 2009 se fixeron actos encadrados nas xornadas sefardíes. Hai que facer máis fincapé na memoria histórica das irmás Touza, sería perfecto como nome dun rueiro histórico. Hai que recuperar a placa.

D César Manuel Fernández Gil (PP).- Estamos a favor, son figuras de relieve internacional, no ano 2005 foron recoñecidas como xustas entre as nacións, teñen plantados árbores na súa memoria nunha colina de Jerusalén.

D Javier Iglesias Sendín (PSOE).- A favor, nos parece importante que esta historia sexa coñecida polos nenos nos centros educativos.

Sometida a votación a proposta é aprobada por unanimidade.

11.-PROPOSTA DO GRUPO MUNICIPAL DE RIBEIRO EN COMÚN PARA QUE O CONCELLO OFERTE PÚBLICAMENTE OS POSTOS LIBRES DA PRAZA DE ABASTOS MUNICIPAL DE RIBADAVIA, SE LEVE A CABO A MOCIÓN APROBADA EN MARZO DE 2017 E SE APLIQUE A NORMATIVA EXISTENTE EN MATERIA DE ORGANIZACIÓN E OFERTA PÚBLICA.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O Pleno municipal de Ribadavia aprobaba na súa sesión de marzo do presente ano a Moción presentada polo grupo Ribeiro en Común titulada “MOCIÓN PARA QUE O CONCELLO OFERTE PUBLICAMENTE OS POSTOS LIBRES DA PRAZA DE ABASTOS MUNICIPAL DE RIBADAVIA E SE APLIQUE A NORMATIVA EXISTENTE EN MATERIA DE ORGANIZACIÓN INTERNA E OFERTA PÚBLICA”.

Entre as resolucións que recollía dita Moción estaban:

Que o Concello de Ribadavia aplique a normativa existente e inicie un procedemento de adxudicación aberto e público, é dicir, o da adxudicación por libre concorrencia, para todos os postos libres da Praza de Abastos municipal de Ribadavia. Co fin de darlle a oportunidade en condicións de igualdade e libre concorrencia a todas as persoas, veciñas ou non, sempre que se beneficien os censados, que desexen instalarse no mercado municipal.

Que o procedemento aberto se inicie o antes posible, co fin de evitar máis prexuízos á cidadanía interesada na ocupación e uso deste espazo municipal.

Que dito procedemento sexa levado a cabo para todos os postos que se soliciten desde o ano 2017 en diante, sen carácter retroactivo dos postos adxudicados con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2017, para non crear máis inseguridade xurídica.

Que se faga promoción de maneira aberta e pública da oferta de postos no mercado municipal. Que se cree un rexistro público de demandantes.

Que se convoque e reformule a chamada Mesa do Comercio con funcións de coordinación e organización no propio Mercado Municipal. Que se incorpore un representante de todos os grupos municipais, e se convoque trimestralmente. Que esta Mesa do Comercio teña funcións de coordinación e organización do propio mercado, e que supervise e controle o seu funcionamento: actualización da normativa do mercado de abastos á realidade vixente, funcionamento axeitado no seu interior, limpeza dos espazos comúns por parte do Concello e vixilancia do mercado, publicidade e difusión do mercado e dos seus comercios.

Na actualidade, 6 meses sen que o goberno actúe na Praza de Abastos, facilitando a creación de postos de traballo, cumprindo a normativa e a legalidade municipal.

A realidade é que 6 meses despois, o goberno non cumpriu ningún dos acordos aprobados no Pleno da Corporación de Ribadavia. Só realizou un escaso anuncio no web municipal con data de 24 de abril, abrindo un prazo- sen vinculación legal- de inscrición de interesados e un bando de alcaldía de 20 de abril.

Sen embargo, ao noso grupo cóstanlle varias demandas de información realizadas por particulares, e mesmo o rexistro por escrito no Concello de Ribadavia de demandas e peticións de postos na Praza de Abastos municipal de Ribadavia.

A pesar disto, a día de hoxe o goberno local e o Alcalde seguen sen abrir concurso público que posibilite a cobertura, uso e ocupación, cumprindo a normativa vixente, desta infraestrutura municipal por parte destes cidadáns que mostraron o seu interese.

Existen novas demandas e novos cidadáns que se poderían beneficiar dun posto na Praza de Abastos de Ribadavia. Estas novas demandas coinciden coa existencia de novos postos libres que foron quedando desocupados, ademais dos postos que ocupa o bar- cafetería da Praza de abastos e que leva meses pechado.

A día de hoxe, continuase coa Non aplicación da normativa existente sobre a propia praza de abastos: ORDENANZA DO MERCADO MUNICIPAL DE ABASTOS DE RIBADAVIA, publicada no Boletín Oficial de 25 de xaneiro de 1993, e a ORDENANZA REGULADORA DA TAXA DENOMINADA MERCADOS DO CONCELLO DE RIBADAVIA de febreiro de 2015.

Promoción da Praza de abastos e Promoción do Comercio local.

Inexistencia de algunha promoción comercial e de difusión do propio Mercado e da súa oferta comercial.

Abandono de funcións recollidas no regulamento e na organización da Praza. A mellora nesta infraestrutura municipal nos últimos anos nunca foi acompañada da mellora no control, organización e coordinación do funcionamento do propio mercado, que máis ben continuou a permanecer desatendido pola administración municipal titular do mesmo.

Por estes motivos propomos ao Pleno do Concello de Ribadavia a adopción do seguinte ACORDO:

Se execute por parte do goberno os acordos do Pleno municipal de marzo de 2017.

Que o Concello de Ribadavia aplique a normativa existente e inicie un procedemento de adxudicación aberto e público, é dicir, o da adxudicación por libre concorrência, para todos os postos libres da Praza de Abastos municipal de Ribadavia. Co fin de darlle a oportunidade en condicións de igualdade e libre concorrência a todas as persoas, veciñas ou non, sempre que se beneficien os censados, que desexen instalarse no mercado municipal.

Que se complete e aumente a difusión e promoción ordinaria e legal desta oferta pública para garantir que publicidade da mesma é axeitada.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- É unha continuación da moción de marzo de 2017. Un bando do alcalde informaba de baleiros nos postos da Praza de Abastos , o noso grupo ten constancia de dous veciños interesados en instalarse.Queremos que se faga unha convocatoria pública dos postos libres.Hai un posto que leva meses sen usar.Situación análoga a do bar da Alameda, pedimos fai tempo o mesmo trato. Hai máis interesados que non se rexistraron,son parados. Para iso está o goberno e os espazos municipais. Todos os concelleiros e o alcalde deben cumprir a lei, sen máis calumnias a Ribeiro en Común , cumprindo e facendo cumprir a lei.

D Manuel Vázquez López (CxG).- Dende o meu coñecemento admitíamos ese acordo na Xunta de voceiros porque non era ilegal. O importante é que se cubran os postos. O que presentou o día seguinte o voceiro de RBC foi o seu escrito, coa súa versión da reunión. Eu lembro ese acordo non vou a entrar en polémicas.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- O autor da moción é este voceiro, vostede non é amigo dos regulamentos.

Alcalde.- Hai que aceptar que os demais tamén poidan criticar.

D Xacobe García Soto (BNG).- Eu non recordo así o tema , é a miña visión. O voceiro de CxG entende que houbo acordo, eu non o entendo así. Eu non saquei da reunión esa idea de acordo. A realidade é que hai postos baleiros e a xente os quere ocupar. Que se abra o procedemento e se adxudiquen, que non se adxudiquen ad hoc.

Alcalde.- Non faga seguidismo do señor Brais.

D Xacobe García Soto (BNG).- Respecte a miña capacidade de pensar libremente.

Alcalde.- Por aclarar, todos os acordos anteriores refrendados polo BNG , en base aos que se adjudicaron todos os postos anteriores estarían na mesma situación. A veces os acordos da xunta de voceiros non se recollen por escrito.

D César Manuel Fernández Gil (PP).- Me remito ao que xa dixemos sobre este tema no pleno de marzo.

D Celso Sotelo Barroso (PP).- Eu non estiven nesa xunta de voceiros e , entón,non podo saber o que se acordou.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- Insisto, o alcalde non quere voltar atrás; ten que cumprir a moción de RBC, dar saída aos postos libres consonte a lei. O alcalde é o único que pode resolver a situación, senón está bloqueando.

Alcalde.- Hai algún que se cree máis listo que os demais.Nos fuimos elexidos polos cidadáns varias veces, algo faríamos ben. A Praza de Abastos tiña todos os postos pechados, había que a poñer en marcha. A fórmula igual non era adecuada de todo a legalidade, pero todos estivemos de acordo , e non había demanda de postos .Na convocatoria pública de maio a xuño o número de solicitudes foi cero. Igual o que fixemos mal foi fiarme da palabra de algún. A solicitude da última persoa que quería postos era do ano pasado. Vostede quere limpiarlle o que sabe todo o pobo que bloqueou a Praza de Abastos. Lle fai o traballo o principal grupo da oposición.

D Celso Sotelo Barroso (PP).-Eiquí todo o mundo é corrupto menos ti, modérate un pouco. Que nos fai o traballo a nos, o principal grupo da oposición somos nos. Se fose legal o farías. Eu por riba de todo respecto e apoio o meu pobo. Eu non podo consentir que se me acuse de obstruír un negocio en Ribadavia.

Alcalde.- Eu non dixen iso. Non se pode dicir que se é somentes un concelleiro cando se ten o apoio do principal grupo da oposición.

D Celso Sotelo Barroso (PP).- Busco que te moderes, eu nunca tomei unha medida en contra de Ribadavia. Pido que te moderes.

Alcalde.- Por moito menos do que ti fixeches, no pleno da Deputación te expulsan. Eu non o vou a facer, pero non che podes poñer así. Non é certo o que se dice. Si se abriu unha quenda para anotarse, e se anotaron cero, por desgracia. Eu dixen no pleno que si había solicitudes recoñecería o erro.

O tema se vai a habilitar.Vostede que fala dos que pasan polo despacho do alcalde, parece que ten algunha solicitude de palabra que eu non teño.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- Os cidadáns non son proclives a rexistrar por escrito, quere que pasen polo despacho do alcalde para vender o favor.

Alcalde.- Vostede saíu adjudicatario dunha praza de traballo deste concello.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- Traballei dous anos, falo do 2008.

Alcalde.- Vostede cando lle conven dice que eu levo eiquí catorce anos. Acusou ao goberno de cometer delitos laborais , está por escrito.Non falou da sentenza que recaiu , vostede primeiro acusou , sen haber unha sentenza. Logo fala de incumprimentos no asilo , fala de “ contratacións no asilo en beneficio de intereses persoais”

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- Vaia ao xulgado.

Alcalde.- Acusoume de enchufismo, de riscos laborais.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- Nas contratacións do asilo vostede é o presidente do Padroado.

Alcalde .- As contratacións de persoal do asilo non se rexen por normas públicas, o asilo é privado. As contratacións se reflicten na acta, o indicou o xerente do asilo.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- É un mentiroso compulsivo, solta mentiras e calumnias.

D Xacobe García Soto (BNG).- Este non é o tema de debate. Eu solicitei unha convocatoria para que se explicase. Eu non fixen a contratación de persoal, fixen a certificación porque hai que presentar unha xustificación ante a Xunta.

Sometida a votación a proposta resulta aprobada co voto a favor de PP, BNG e RBC e abstencións de PSOE e CxG.

12.-PROPOSTA DE CAMBIO DE DENOMINACIÓN DO CEIP DE RIBADAVIA.

Vista a proposta presentada polo Presidente do Consello Escolar con número de rexistro de entrada no concello 4633 de 15 de setembro de 2017 no que se propón o nome de CEIP PLURILINGÜE RIBADAVIA para o CEIP en substitución do actual Tomás de Lemos.

Propoño a adopción do seguinte acordo:

Cambiar a denominación do CEIP que pasaría a nomearse CEIP PLURILINGÜE RIBADAVIA

Dar traslado do presente acordo a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Sometida a votación a proposta queda aprobada por unanimidade.

13.-FIXACIÓN DOS FESTIVOS LOCAIS.

O ditame da Comisión informativa é do seguinte tenor literal:

-Propoñer como festivos locais para o calendario laboral do ano 2018 , consonte ao disposto no artigo 37.2 do Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores e artigo 46 do Real Decreto 2001/1983, os días 7 de setembro e 30 de abril.

-Dar traslado do presente acordo á Subdirección Xeral de Relacións Laborais da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

D Manuel Vázquez López (CxG).- O día 7 de setembro é unha proposta que fixen, é a festa máis enxebre e máis querida para os ribadavienses.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- O día 7 de setembro ou o 10 ao ser feira. O día sete sería máis acaído. É mellor manter o martes de entroido, o día 30 de abril non lle ven ben aos comerciantes.

D Xacobe García Soto (BNG).- O 30 de abril e o 7 de setembro está ben.

D Brais Fidalgo (RBC).- Se debe reivindicar o entroido en Ribadavia.

D César Manuel Fernández Gil (PP).- Non imos entrar en debate, nos abtemos.

Alcalde.- O do día 30 se ten falado coa comunidade educativa. Me gustaría que a decisión se adoptase por consenso.

D Manuel Vázquez López (CxG).- Hai que reforzar o sábado e o domingo de carnaval.

Sometida a votación a proposta é aprobada co voto a favor de PSOE, BNG e CxG e abstención do PP e de RBC

14.-MOCIÓNS, ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

O voceiro do PP , don César Manuel Fernández Gil formula a seguinte pregunta:

No pleno municipal celebrado o pasado 27 de xullo o grupo municipal do Partido Popular de Ribadavia presentaba unha moción na que se instaba ao goberno a iniciar , de xeito inmediato, os trámites necesarios para crear un servizo de conciliación familiar que se puxera en marcha ao inicio do curso 2017/2018 . No debate da devandita moción , o propio goberno municipal por voz da concelleira de benestar social, dona Noelia Rodríguez Travieso, formulouse unha emenda de engadega “in voce” a través da que se pedía engadir un segundo punto na parte resolutiva da moción co seguinte teor literal “ crear unha lista na que se apunte os interesados para comprobar se hai demanda”.

Pois ben, a referida emenda foi aceptada polo noso grupo, de tal xeito que se aprobou polo Pleno, de xeito unánime , unha moción cos seguintes acordos:

Instar ao goberno municipal a iniciar, de xeito inmediato, os trámites necesarios para crear un servizo de conciliación familiar que se poña en marcha ao inicio do vindeiro curso 2017/2018.

Crear unha lista na que se apunte os interesados para comprobar se hai demanda.

A día de hoxe, e xa co curso escolar iniciado, podemos comprobar que non se creou o servizo de conciliación que se aprobaba na moción, pero que ademais, ata onde nós sabemos, non se creou ningunha listase na que se puideran apuntar os interesados para comprobar a demanda ou o interese da veciñanza nesta iniciativa, tal e como propuxera o propio grupo socialista.

Parece por tanto evidente que o goberno decidiu non executar o acordo plenario, pero que ademais, pretendeu enganar ao Pleno coa introdución dunha emenda a proposta do grupo socialista que o propio goberno sabía que non tiña intención de cumprir, enganando dese xeito ao pleno municipal e por extensión a toda a veciñanza de Ribadavia.

Tendo esto presente, gustaríanos saber por qué razón o goberno municipal non creou unha lista para comprobar a demanda de persoas interesadas no servizo de conciliación , cando foi o grupo de goberno que introduciu unha emenda á moción do grupo popular para creación desta lista.

Alcalde.- Se dice que non non estamos interesados, nos creamos o servizo, se deixou de prestar por razóns orzamentarias, o problema é que non hai consignación orzamentaria. Se empezan a elaborar os orzamentos, non sabemos o que vai costar e , en función de eso, cómo xestionar; sería enganar aos veciños. Se o PP apoia os orzamentos abrimos a lista de interesados, habería que contratar persoal.

D Celso Sotelo Barroso (PP).- Non é unha xustificación.

D Manuel Vázquez López .- Pido que se aparten os cables de telefónica na subida de Santiago. Recordo o tema xa falado das fontes e dos paneis.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- Reiterar os rogos do pleno de 27 de xullo.

Debe continuarse co tema da limpeza de soares, chegan solicitudes ao noso grupo.

O tema das casetas para gatos das colonias felinas, houbo un requerimento da arquitecta para modificar os parámetros, a xestión a debe facer o goberno, se debe orzamentar.

Que se suban os vídeos dos plenos que non se subiron.

Pedir á Xunta melloras no Plan de Transporte nos horarios.

Nas obras públicas, en concreto na das beirarrúas de Muñoz Calero, non houbo supervisión polos técnicos municipais , a maiores da certificación de obra , que haxa maior supervisión polos técnicos municipais e por funcionarios de carreira.

Que este voceiro poida acceder as obras do Castelo, o goberno visitou as obras.

Alcalde.- Non hai inconvinte en que vaia a visitar as obras.

D Xacobe García Soto (BNG).- Somos conscientes de que o goberno manifestou á Xunta o seu malestar polo novo Plan de Transporte, ¿ a Xunta vai modificar os horarios?

O día 12 de maio houbo reunión do Padroado das Termas de Preixegueiro, pregunto si se va a producir a seguinte sesión e si de deu traslado dos acordos á empresa.

¿ Cal á a situación na redacción do Plan Xeral e si se correxiron os requerimentos da Xunta?

¿ Se vai a convocar unha nova reunión da Comisión de Tráfico?

Alcalde.- Sí, se trasladou á Xunta a disconformidade, somos conscientes do malestar dos veciños; se modificou a liña das oito da maña dende Ourense.

D^a María López Touza (PSOE).- Non se saben ben as liñas que están funcionando.

Alcalde.- As preguntas se formularon no propio Parlamento de Galicia e non se contestaron.

A reunión do Padroado de Preixegueiro se convocará en breve; chegou a autorización da Confederación hidrográfica para unha ampliación, van a presentar un Plan especial, hai un pequeno debate urbanístico sobre a zona exacta.

No plan xeral non temos a documentación aínda, temos un problema estamos tentando buscar saída, a empresa se comprometeu a facelo. Os embargos con respecto ao concello de Ribadavia están levantados.

Na reunión de tráfico me comprometo a executar ditos acordos, utilizouse políticamente o acordado nesa reunión.

D César Manuel Fernández Gil (PP).- En relación á contestación que se nos deu, rogaríamos que non se nos tomase o pelo, se podería ter votado en contra o se podería facer unha modificación de crédito con cargo ao remanente de tesourería , como se fan outras. Pedimos rigor.

Lembrar que hai un muro caído fai un ano no pavillón de Maquiáns.

Rogaríamos que se presentasen as alegacións por escrito ao Plan de Transporte e que se solicite unha liña as 7.30 horas da maña de Ribadavia a Ourense para os estudantes.

Alcalde.- Non había ningunha intención de tomar o pelo na pregunta. No tema do transporte fixemos o que pudimos en base á información que tiñamos, as xestións foron telefónicas.

D Celso Sotelo Barroso (PP).- Podar os árbores da estación de autobús.

Que se poña señal indicadora de baixada a Ribadavia.

Que se prevea unha partida para comprar baldeadora en condicións.

Que se peche o paseo do río , aparcen catro ou cinco coches todos os días.

Onde a ponte de abaixo caíu un río fai pouco.

Que se retomen as suxerencias da comisión de tráfico.

Que se repare a acera da parte de San Francisco.

Os veciños da estación pediron podar os árbores.

Que se limpie un pouco o cauce do río.

Hai seis anos aprobamos un orzamento co compromiso de arreglar un camiño en Esposende, a día de hoxe aínda esperamos.

D Javier Iglesias Sendín (PSOE).- Ía para un Plan Marco pero cambiou o sistema.

Alcalde.- Dous anos se falou de meter ese camiño no Plan Marco, non houbo ordes en contra dende aquí.

E sendo as once horas e dezaioito minutos erguese a sesión polo señor Alcalde presidente , do que como secretario extendo a presente acta.

ALCALDE

SECRETARIO